



# CONCELLO DE ORDES

---

## (A CORUÑA)

ACTA Nº 7/2022

FOLLA Nº 1

CONCELLO DE ORDES

PROVINCIA DE A CORUÑA

### ACTA DA SESIÓN ORDINARIA, CELEBRADA POLO PLENO CORPORATIVO MUNICIPAL O DIA VINTE E OITO DE XULLO DE DOUS MIL VINTE E DOUS.

En Ordes, a vinte e oito de xullo de dous mil vinte e dous.

Na sala de Conferencias, Baixos da Alameda, rúa Xoxardo, Ordes, reúnese en primeira convocatoria a Corporación Municipal en Sesión Ordinaria, baixo a Presidencia de D. JOSÉ LUIS MARTÍNEZ SANJURJO, Alcalde-Presidente, e coa asistencia dos Srs. Concelleiros.

- D<sup>a</sup>, ANA MARÍA SONEIRA LIÑARES.
- D. ABEL BLANCO VIQUEIRA.
- D. JOSÉ MANUEL MIRA GÓMEZ.
- D<sup>a</sup>. YESSICA LÓPEZ VARELA.
- D. JOSÉ MANUEL RODRÍGUEZ MÉNDEZ.
- D<sup>a</sup>. SUSANA GARCÍA GÓMEZ.
- D. PABLO VÁZQUEZ CANDAL.
- D. JOSÉ ANTONIO CABEZA FRAGA.
- D. PABLO VIDAL RÍOS.
- D<sup>a</sup>. MARÍA JESÚS REGUEIRO GARCÍA.
- D<sup>a</sup>. MARÍA CONCEPCIÓN BERDOMÁS GARCÍA.
- D. MANUEL IGLESIAS VIEITES.
- D. AITOR RIBADAS GÓMEZ.
- D. MARCOS FERNÁNDEZ LOURO.

Non asiste:

- D. GONZALO VEIRAS CARNEIRO.
- D<sup>a</sup>. CARMEN MARÍA FERREIRO VILLAVERDE.

Asiste o Sr. Secretario da Corporación D. Juan Luís González Iglesias, que dá fe do acto.

Aberta a sesión e declarada pública pola Presidencia ás dezanove horas e trinta minutos, previa comprobación do quórum de asistencia preciso para que poida ser iniciada, procédese a coñecer dos asuntos incluídos na orde do día.

#### 1. APROBACIÓN ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Polo Sr. Alcalde-Presidente procédese a preguntar aos demais membros da Corporación se teñen algo que obxectar á acta da sesión ordinaria de 30 de xuño de 2022, cuxa minuta foi distribuída coa convocatoria, todo isto ó abeiro do disposto no art. 91 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.



## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

A acta da sesión ordinaria, de data 30 de xuño de 2022, resultou aprobada por maioría de quince votos a favor, sendo dezasete o número legal de membros da Corporación, coa corrección sinalada polo Sr. Alcalde.

### 2. INFORMES DA ALCALDÍA.

Polo Sr. Alcalde non se informa de ningunha actuación municipal.

### 3. PARTICIPACIÓN NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) "POS+ ADICIONAL 2/2022", 2ª FASE, DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL.

Vistas as Bases reguladoras modificadas Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+2022" (BOP nº 102, de data 31/05/2022).

Vista a cantidade que lle corresponde a este concello no POS+ ADICIONAL 2/2022 polo reparto da maior achega provincial.

Visto o acordo da Xunta de Goberno Local, de data 10/06/2022, de Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ ADICIONAL 2/2022" da Deputación Provincial da Coruña, confirmando a aplicación da maior achega provincial asignada ao financiamento dos investimentos financeiramente sostibles que xa tiña incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2022 por importe de 483.726,76 €.

Visto o ditame favorable da Comisión Informativa Permanente de Obras e Urbanismo, de data 21/07/2022.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.

Intervén o Sr. Iglesias Vieites, en nome dos concelleiros non adscritos, que sinala que o ven ben. E están de acordo.

Intervén a Sra. Berdomás García, voceira do grupo político PSdeG-PSOE, que sinala que sempre se pode gastar, pero neste caso é mellor gardar e ter algo para posibles emerxencias.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político PP, que sinala que ven positivo que o Concello participe neste POS+ Adicional 2/2022. Por iso van a votar favorablemente neste punto.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno por maioría de quince votos a favor (9 grupo político PP, 2 grupo político BNG, 1 grupo político PSdeG-PSOE, Sr. Iglesias Vieites, Sr. Fernández Louro e Sr. Ribadas Gómez), sendo dezasete o número legal de membros desta corporación, adoptou o seguinte acordo:

1.- "Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ ADICIONAL 2/2022" da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da maior achega provincial asignada ao financiamento dos obxectos que se indican a continuación:



# CONCELLO DE ORDES

## (A CORUÑA)

A) Financiamento de gastos correntes:

Gastos correntes	Deputación
Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes devengados en 2022	219.147,21 €

D) Resumo de financiamento:

POS+ ADICIONAL 2/2022	Deputación	Concello			Orzamento Total
		Concello	IVE Soportado deducible (só abastecemento auga potable)	Total concello	
Gastos correntes servizos obrigatorios	219.147,21 €				219.147,21 €
Investimentos incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2022	0,00 €	0,00 €		0,00 €	0,00 €
Investimentos novos non incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2022	0,00 €				0,00 €
Revisión excepcional de prezos obras municipais	0,00 €				0,00 €
<b>TOTAL</b>	<b>219.147,21 €</b>	<b>0,00 €</b>		<b>0,00 €</b>	<b>219.147,21 €</b>

5.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

6.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

7.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

#### 4. DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS E DECRETOS DA ALCALDÍA.

En cumprimento do disposto no art. 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, a Presidencia da conta das resolucións e decretos de Alcaldía adoptados dende a última sesión ordinaria celebrada o día 30 de xuño de 2022, para que os Srs. Concelleiros coñezan o desenvolvemento da administración municipal, aos efectos de control e fiscalización dos órganos municipais de goberno, previsto no art. 22.2.a da Lei 7/1985 de 2 de abril e art. 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

#### 5. MOCIÓNS.



## CONCELLO DE ORDES

---

### (A CORUÑA)

Concluído o exame dos asuntos incluídos na orde do día e antes de pasar á quenda de rogos e preguntas o Sr. Alcalde-Presidente pregunta se algún grupo político desexa someter á consideración do Pleno por razóns de urxencia algún asunto non comprendido na orde do día que acompañaba a convocatoria nos termos establecidos no art. 34.2 do Regulamento Orgánico Municipal e que non teña cabida no punto de rogos e preguntas.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que presenta a moción que se transcribe a continuación:

“O pasado 30/03/2022 procedeuse á entrega dos títulos do proceso de concentración parcelaria Beán-Pereira II, mais a día de hoxe aínda seguen sen cargarse no catastro as fincas resultantes do citado proceso, o que xera problemas e dificultades ás persoas propietarias (altas de novas vivendas en catastro, imposibilidade de coordinar rexistro con catastro, recibos de IBI que non se corresponden coa realidade, ...etc).

Resulta dificilmente comprensible a situación, dado que incluso no noso concello, existen outros procesos de concentración parcelaria abertos, aínda sen rematar, onde o catastro xa recolle as fincas que figuran no acordo (como poden ser as concentracións parcelarias de Buscás II e Montaos II), mentres que pola contra, unha concentración parcelaria xa entregada fai catro meses, como é a de Beán-Pereira II aínda non se atopa coordinada co catastro.

Por outra banda, o pasado 29/04/2021 decretoouse o inicio do proceso de concentración parcelaria de Poulo. Durante o proceso, adoitase conceder un prazo ou período para a retirada da madeira das parcelas que son obxecto do proceso de concentración parcelaria, sendo habitual polo tanto, a “rapa” das parcelas. Isto pon en serio perigo á fraga existente nas inmediacións do castro de Pardiñas, unha das poucas extensións de certa envergadura que conteñen especies autóctonas, e polo tanto, conta cun elevado valor ecolóxico e ambiental.

É polo que propoñemos ao Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte acordo:

1.- O Pleno do concello de Ordes insta á “Gerencia Regional del Catastro de Galicia” e á “Consellería do Medio Rural”, a solucionar axiña a situación na que se atopa o proceso de concentración parcelaria de Beán-Pereira II, xa rematado e cos títulos entregados, co gallo de coordinar o catastro coas parcelas resultantes do citado proceso, colaborando entre as citadas administracións e poñendo os medios que sexan precisos para elo.

2.- O Pleno do concello de Ordes demanda da “Consellería do Medio Rural”, que no proceso de concentración parcelaria de Poulo, se adopten as medidas oportunas para a protección da fraga existente nas inmediacións do Castro de Pardiñas”.

Sometida a votación a urxencia da moción presentada, esta foi rexeitada por maioría de nove votos en contra (9 grupo político PP), seis votos a favor (2 grupo político BNG, 1 grupo político PSdeG-PSOE, Sr. Iglesias Vieites, Sr. Fernández Louro e Sr. Ribadas Gómez), sendo dezasete o número legal de membros desta corporación, non procedendo o seu debate e votación.

Intervén o Sr. Alcalde, que procede a explicar o voto en contra do goberno municipal. Sinala que o outro día na Xunta de Voceiros xa lle adiantou en primeiro lugar en relación á modificación catastral a Dirección Xeral do Catastro, organismo da Administración Xeral do Estado e dependente do Goberno de España, polo que excede das competencias da Xunta de



## CONCELLO DE ORDES

---

### (A CORUÑA)

Galicia axilizar a cargo dos datos desta zona de concentración parcelaria de Beán-Pereira no catastro. O goberno galego carece de capacidade de actuación nesta materia. Se ben todos estamos a favor da actualización. A inscrición das parcelas de concentración parcelaria rexeuse pola Lei Hipotecaria e da Lei do Catastro Inmobiliario. As fincas se inmatriculan no Rexistro da Propiedade, o rexistrador remitirá por medios electrónicos ao Catastro copia da representación gráfica aportada para a súa inmatriculación. Este traballo xa está feito por parte do Rexistro de Ordes. Como representante dos concellos forma parte do Consello Territorial da Propiedade Inmobiliaria, esta petición para o concello de Ordes e outros, xa foi fundamentada no senso do mesmo. Agarda que o Catastro faga as licitación oportunas para que as asistencias técnicas poidan levar aos traballos necesarios. En relación á segunda parte do acordo para o cal xa lle entregou previamente un plano, o estudo previo de iniciación da zona de concentración parcelaria de San Xulián de Poulo que foi decretada en base ao Decreto 80/2021, de 19 de abril, pola que se declara de utilidade pública a reestruturación parcelaria da zona de San Xulián de Poulo, ese documento de estudo previo xa recolle na cartografía a exclusión desta franxa na parte norte da parroquia de Poulo lindante con Buscás, polo que dende o punto de vista medioambiental non vai a formar parte do proceso, Por elo non se entende que vaimos nos a adoptar un acordo sobre algo que xa está previamente incluído nun documento público que xa forma parte do proceso de concentración parcelaria de Poulo.

#### 6. ROGOS E PREGUNTAS.

Ao abeiro do disposto no art. 21 do Regulamento Orgánico Municipal, o Sr. Alcalde-Presidente abre unha quenda de rogos e preguntas, dirixíndose aos Srs. Concelleiros por se desexan intervir neste sentido, sinalando que as preguntas formuladas polos Srs. Concelleiros serán contestadas polo seu destinatario na sesión seguinte, sen prexuízo de que o preguntado queira darlle resposta inmediata.

Primeiramente ábrese unha quenda de formulación de rogos polos distintos grupos políticos e concelleiros.

Intervén o Sr. Iglesias Vieites, concelleiro non adscrito.

- Nas inmediacións do IES de Ordes encóntrase dende hai tempo un colector de papeis e cartóns en mal estado.

Solicitamos ao Sr. Alcalde:

Que se proceda á súa substitución.

Intervén a Sra. Soneira Liñares, concelleira delegada de medioambiente, que sinala que xa se lle pasou á empresa. Volverán a recordarllo para que procedan ao seu cambio.

- A pista de Pump Track construída polo Concello de Ordes no ano 2021 encóntrase con pintadas e cun aspecto descoidado.

Solicitamos ao Sr. Alcalde:

Que se realicen as labores necesarias para borrar as pintadas, limpeza e mantemento da instalación.



## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que lle teñen que pedir á veciñanza e calquera persoa que observe un acto vandálico deste tipo que o poñan en coñecemento ben da policía local ou ven directamente do propio concello. Dadas as características da mestura en quente, non é fácil de eliminar esas pintadas e despois que non sexa perigoso e se poida esvarar. Non é suficiente con votar unha pintura nova, ten unhas pendentes e unhas condicións. O desbroce é algo que se fai de maneira periódica, agora hai un pequeno retraso por que se estivo a concentrar todo o traballo nas parroquias. Nos vindeiros días está previsto que se poida actuar aí.

Intervén a Sra. Berdomás García, voceira do grupo político PsdeG-PSOE, que formula os rogos seguintes:

- Desgraciadamente seguen a aparecer pequenos vertedoiros incontrolados onde xente con poucos escrúpulos depositan o lixo.

Observamos este tipo de vertedoiros na parroquia de Santa Cruz de Montaos, nas inmediacións dos puntos con coordenadas de "Google maps": 43°01'29.4"N 8°25'03.3"W

É polo que solicitamos ao Sr. Alcalde:

Unha revisión e limpeza da zona que corresponde ás coordenadas (43°01'29.4"N 8°25'03.3"W), xa que ao longo da cuneta hai diferentes partes afectadas.

Intervén a Sra. Soneira Liñares, concelleira delegada de medioambiente, que sinala que xa foi recollido no día de hoxe.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que formula os rogos seguintes:

- Coa participación do concello de Ordes no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ ADICIONAL 2/2022" da Deputación Provincial da Coruña, terase acceso a uns 702.873,97 € dos cales, en base á proposta de alcaldía efectuada para a presente sesión plenaria, 219.147,21 € serán destinados ao financiamento de gasto corrente no presente exercicio presupostario.

Entendemos que se trata dunha cantidade suficiente como para acometer unha demanda da veciñanza como é a ampliación e mellora da biblioteca municipal, creando ou ampliando diferentes espazos para contar con zonas de estudo diferenciadas, áreas de descanso-vending, zonas de lectura, de acceso a internet e espazos mais orientados ao público infantil.

Para poder acometer esta ampliación, é preciso reorganizar a ocupación de distintos espazos municipais, ocupando e dándolle sentido a outros que están actualmente baleiros e/ou completamente desaproveitados.

É polo que instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

A liberar a zona ocupada pola Mancomunidade nos baixos da alameda situados na rúa Xoxardo. Para elo:



## CONCELLO DE ORDES

---

### (A CORUÑA)

- Trasladarase a actividade municipal da edificación anexa na que se sitúa actualmente, cara a antiga casa consistorial.
- Trasladarase a actividade da Mancomunidade dos baixos da alameda ao edificio anexo á antiga casa consistorial.
- A acometer a reforma e ampliación da biblioteca municipal, creando ou ampliando os diferentes espazos, aproveitando o espazo deixado pola Mancomunidade nos baixo da alameda da rúa Xoxardo, co gallo de obter zonas diferenciadas para lectura, acceso a internet, estudo, descanso-vending, zona infantil.

Intervén a Sra. García Gómez, concelleira delegada de educación, que sinala que o primeiro que se debería explicar é como investir gasto corrente en obras. despois na súa exposición de motivos manifesta un descoñecemento das actividades das administracións e en concreto da Mancomunidade de Ordes e dos servizos que se prestan. E por último descoñecemento da folia de ruta do goberno municipal para atender as necesidades dos veciños. Remítese a contestación que se lle deu ao grupo de non adscritos cando presentou unha proposta similar.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que o investimento de gasto corrente en obras, se hai unha partida extraordinaria que se asigna a gasto corrente haberá certos créditos que quedará liberada e mediante unha modificación de crédito que estime oportuna ou financiamento que terá que buscar o goberno municipal ou tirando de remanentes para acometer esas obras unha vez efectuadas as correspondentes modificacións de crédito orzamentarias. Descoñecemento dos servizos da Mancomunidade, pensa que o espazo do que dispoñen actualmente no edificio novo, sendo accesible cun ascensor non deberían ter maior problema que nas oficinas nos que están situados a día de hoxe. Propoñen unha reorganización dos espazos. Levar a onde creen que debe estar a actividade municipal na antiga Casa Consistorial, que unha vez reformada é onde se debería desenvolver a actividade municipal e a celebración dos plenos como teñen pedido en diversas ocasións. Liberado ese espazo anexo á biblioteca municipal haberá que dotalo e reformalo para ampliar e mellorar ese servizo. Demanda que está a pedir os estudantes e a veciñanza de Ordes. O goberno ten a súa folia de ruta, eles tamén teñen as súas propostas para mellorar a vida da veciñanza do noso concello.

Intervén a Sra. García Gómez, que sinala que propoñen facer unha modificación de crédito no mes de agosto. Para executar cando. A Mancomunidade é unha administración pública con personalidade xurídica propia que decide co acordo dos sete concellos que a integran onde se ubica. Eles decidirán e ela como a súa Presidenta decidirá onde se instalarán. Se puxera atención á contestación aos concelleiros non adscritos non estaría facendo este rogo no día de hoxe.

- A zona verde do Polígono Industrial de Merelle, presenta un aspecto moi descochado, onde a herba xa logo acada o tamaño dalgunha árbore das que foron plantadas na zona.

É polo que instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

A proceder con unha axeitada conservación da citada zona, levando a cabo as oportunas operacións de roza.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que se fixeron os alcorques ao arredor das prantas, Cando se remate a parroquia de Pereira procederase a actuar nesta zona ao igual que no espazo verde da UE13 onde está o pump track.



## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

- Veciñanza da zona, púxose en contacto con este grupo municipal demandando a necesidade de recuperar un dos pasos de peóns que foi suprimido na rúa do Mestre Alfonso Lesta, nas proximidades da súa intersección coa rúa de Campeiras.

Ademais, o outro paso de peóns que existe nas proximidades da intersección da rúa do Mestre Alfonso Lesta coa rúa do Mirón, non resulta accesible pola inexistencia dun bordo nunha das súas marxes.

É polo que instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

- A repoñer o paso de peóns que existía na rúa do Mestre Alfonso Lesta, na proximidade da súa intersección coa rúa do Mirón.
- A levar a cabo as actuacións precisas para dotar de accesibilidade ao paso de peóns que existe próximo á intersección da rúa do Mestre Alfonso Lesta coa rúa do Mirón (por exemplo transformalo nun paso elevado, supresión do bordo existente nunha das súas marxes, ...etc.).

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que a sinalización horizontal e vertical das vías públicas municipais é algo que sempre é ditaminado pola policía local. Neste caso van a facer o mesmo. Están a falar dunha actuación de marzo de 2021 no que se levou a cabo o asfaltado e pintado desta rúa, e por indicación da policía local declinou o pintado do paso de peóns existente con anterioridade por encontrarse moi preto da intersección coa rúa de Campeiras que resulta perigoso no que atinxe á percepción polos peóns dos condutores que circulan pola rúa de Campeiras e xiran á man dereita cara Alfonso Lesta. A mellor ubicación para este sería uns metros máis adiante a ubicación idónea coincide cun vao permanente dun edificio desa rúa o que implica por razóns de seguridade do tráfico que se desaconsellase a creación dun novo paso de peóns en dito tramo, polo que foi eliminado. O paso de peóns na intersección coa rúa do Mirón analizarase nunha futura actuación a posibilidade de elevalo ou como se fai o arranxo para mellorar a accesibilidade, nun dos extremos está o pozo de gas natural.

- Nas obras de pavimentación da estrada que une o núcleo da Portela coa N-550, pasando por Queirúa e o Conde, obstruíronse os tubos que permitían o paso das augas pluviais en diversos puntos, o cal pode dificultar a súa circulación pola cuneta e xerar diversos problemas cando chegue a temporada de choivas.

É polo que instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

A levar a cabo as actuacións precisas na zona para evitar a obstrución dos citados tubos e garantir a circulación das augas pluviais pola cuneta.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que está é unha obra que se fixo a semana pasada, nesta semana estiveron facendo o adecentamento da zona. Xa está resolto por parte do contratista que fai as comprobacións oportunas ante da recepción final das obras.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que esta pavimentación xa leva máis dunha semana feita. Estivo pola zona, sabe o que viu. Leva máis tempo feito. Se efectivamente solucionan o problema que é o que están rogando.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que ás empresas hai que deixarlle rematar as obras, vostede vai por diante. O 14 de xullo se aglomerou.





## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

- Logo da pavimentación da rúa Alfredo Brañas, existiron numerosas protestas da veciñanza ao respecto da sinalización inicialmente establecida e a imposibilidade de estacionar os vehículos na zona.

Nun primeiro momento, pintouse unha liña amarela todo ao longo do peche existente na zona, o cal impedía estacionar aos vehículos, tal e como viñan facendo durante moitos anos. Logo das protestas da veciñanza da zona, o goberno municipal recuou na súa decisión e procedeu a “borrar” parte da liña amarela, pintando no seu lugar unha liña branca descontinua, asegurándolle á veciñanza que dese xeito, podían proceder a estacionar os seus vehículos na citada zona.

Despois disto, o pasado oito de xullo do presente ano, a policía local achegouse ata a zona sobre as 8:30 da mañá, procedendo a multar aos vehículos estacionados na citada rúa, por “estacionar en un carril de circulación”.

Estes bandazos nas decisións do goberno municipal, que xeran problemas na vez de solucionarlos, provocan situacións pouco desexables á veciñanza da zona, que non entende como goberno lles traslada o “permiso” para estacionar nun lugar e de súpeto, sen avisar nin modificar a sinalización horizontal da zona, sexan directamente sancionados.

Cómpre lembrar que a rúa Alfredo Brañas é unha rúa sen saída, en fondo de saco, cuxa intensidade de circulación de vehículos é moi reducida, limitándose na práctica á veciñanza que ten a súa vivenda ou unha parcela na mesma.

Desde o BNG consideramos preciso reordenar a sinalización horizontal na zona para conseguir mais zonas de estacionamento e evitar que se reproduzan novamente este tipo de situacións dantescas.

É polo que instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

- A retirar as multas impostas desde o día 08/07/2022 aos vehículos estacionados na rúa Alfredo Brañas, posto que os mesmos atopábanse estacionados co “permiso” do goberno municipal, e sen que previamente fose modificada a sinalización horizontal que supostamente, e segundo indicacións do propio goberno municipal á veciñanza, autorizaba dita práctica.
- A reordenar a sinalización horizontal da rúa Alfredo Brañas, dispoñendo unha zona de estacionamento.
- Se por limitacións da normativa, non é posible manter os dous carrís de circulación, dispoñer dun só carril con dobre sentido de circulación, tendo en conta o escaso tráfico que soporta actualmente dita rúa. Neste caso, establecer a preferencia segundo determine a policía local, previndo as escapatorias precisas para permitir o paso no caso de que coincidan dous vehículos circulando ao mesmo tempo pola citada vía.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que este é un rogo oportunista aos que nos ten acostumado o BNG. Primeiro hai que comprobar a realidade das cousas. É falso que se tivera pintado en ningún momento unha liña amarela todo o largo do peche existente na zona. É falso que se lle asegurase á veciñanza que podían estacionar os vehículos na zona. Cada vez que unha persoa fai unha queixa en relación á circulación, sinalización ou proxectos en rúas ou vías públicas municipal van sempre acompañados do compromiso da policía de analizar a sinalización e pintura en todo o momento. Xamais e unha decisión do goberno municipal. Pode



## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

corroboralo. Sempre se atende ao contido dos proxectos e nunca as consideracións que trae aquí de maneira torticeira. Dáse traslado do informe do axente da policía local 183011, de 19/07/2022, que pon a súa disposición "Apúntase primeiramente a este respecto, que no seu día e a pedimento de particular, "na cal insta se lle de traslado das actuacións levadas a cabo no punto por parte do estamento policial ,unha vez implementouse a nova sinalización no lugar", elabórase o correspondente informe (parte 2070/2022) no cal se detallan ditas intervencións. Con todo e a medio de dar resposta ao rogo exposto polo grupo municipal do BNG, no cal interesa especificuense, ditas accións significase o seguinte. En datas próximas a primeiros días de decembro de 2021, procedeuse ao arranxo do firme e asfaltado da rúa Alfredo Brañas na súa totalidade. Con posterioridade ás devanditas tarefas, aproximadamente a finais de xaneiro do 2022 levou a cabo a sinalización do vial, consignando un carril para cada sentido. #Ante a nova sinalización horizontal implementada no punto, e tendo en conta de que varios dos veciños do lugar adoitaban estacionar no lugar (actualmente carril de circulación), a modo informativo en primeiro termo por parte desta Policía Local advertiuse en reiteradas ocasións aos alí residentes da imposibilidade de estacionar no devandito punto, de agora en diante, debido á nova sinalización. Estableceuse a modo de adaptación, un período amplo (próximo aos dous meses), ao longo do cal de novo de forma verbal e mesmo nalgún caso escrita (avisos), dáse traslado a aqueles veciños ou usuarios da vía que incorrectamente estacionaban na devandita rúa, da obrigatoriedade do cumprimento da norma. Unha vez transcorrido devandito período de adaptación e a teor dos reiterados incumprimentos procedeuse (nalgún caso de oficio e noutros moitos alertados por outros veciños da rúa) por parte de axentes da Policía Local á comparecencia no lugar, elaborando as correspondentes propostas de sanción, a aqueles vehículos incorrectamente estacionados (6 a día de hoxe). Significase a este respecto, que dun tempo para acó, diversos veciños da devandita rúa (unha veces mediante comparecencia na Xefatura da Policía Local e outras mediante chamada telefónica) expoñían o seu descontento ante tales estacionamentos indebidos, que comprometían a circulación, sendo informados estes, que a fin de conxugar pareceres e vontades, estableceuse un período de moratoria a modo de adaptación, e que concluído o mesmo procederíase en consecuencia (denuncia), tal e como se actuou. No tocante ás dimensións do vial, consta de dous carrís delimitados duns 3 metros, cunha beiravía dereita (tomando como sentido de circulación a incorporación desde o vial principal cara á devandita rúa) de 1 metro e unha beiravía esquerda duns 0.60m, ambos os irregulares nas súas dimensións segundo o seu trazado. Na confluencia da devandita rúa coa principal, no seu carril de saída ao longo duns 10 metros existe unha liña continua amarela ,que pola súa cor puidese disuadir do estacionamento en lugar da branca, pero o certo é que a liña branca tanto continua como descontinua (que o único que permite é poder pasar cara a un e outro lado), tal e como se pintou metros mais atrás, delimita o exterior do carril de circulación, por tanto o estacionamento sobre estas resulta prohibido, por tratarse dun estacionamento executado nun carril de circulación, ou non respectando unha marca viaria de cor amarela no seu caso, circunstancias todas elas as cales deben ser coñecidas por parte dos condutores por tratarse de normativa básica de conducción. No tocante á habilitación dunha zona de estacionamento nun ou outro sentido, a risco e conta de eliminar un carril de circulación, dita medida considérase pouco recomendable, posto que a seguridade da circulación implementada na actualidade, valor a ter en conta, veríase mermada provocando un estreitamento sinuoso do vial, dando lugar con iso a cruces comprometidos, aínda establecendo unha prioridade de paso determinada. Téñase en conta que aínda que a rúa Alfredo Brañas non soporta un tráfico fluído de vehículos, o vial principal (DP-5903 Ordes-Portomouro)é unha das arterias de acceso e saída cara ao centro urbano, polo cal o tráfico resulta denso, e a existencia dunha rúa anexa coa devandita configuración puidese resultar perigosa. Infórmase a este respecto que nas proximidades da rúa obxecto de informe, existe unha ampla zona de estacionamento a ambas as marxes do vial principal DP-5903 (Ordes-Portomouro) , lugar apropiado para aqueles usuarios que anteriormente estacionaban na rúa Alfredo Brañas. En consecuencia de todo o anteriormente mencionado e a fin de dotar de maior sinalización a zona, puidésese colocar uns sinais verticais R-307 (parada e estacionamento prohibido)en ambas as marxes. (aínda que o usualmente utilizado resulta o esquerdo segundo accédese desde o vial principal)". É certo que cada vez que un veciño se dirixiu ao concelleiro, concello ou policía local trataron de aportar



## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

solucións pero nunca fiscalizando o poder e autonomía da policía local. O que lle acabo de leer é a realidade do que os policías locais viviron estes meses nesta rúa. Non teñen inconvinte en que os veciños desta rúa que teñen este problema se senten coa policía local. Se a policía local fai un informe favorable faise a modificación que sexa preceptiva. Non se pode afirmar que se autorizou ningún estacionamento, senón pídelles que veña acompañado desas persoas que acredite iso e non asumiremos a parte correspondente desas sancións. Senón retire tal acusación da mesma maneira que a promove.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que a sinalización horizontal foi modificada. Calquera persoa que se achegue alí baixa a cabeza ve como está alquitranada a zona onde había unha liña antes e borrada en parte. Segundo traslada a veciñanza, aínda que non lle gusta que fale con nos, teñen o mesmo dereito a traelo aquí por que somos representantes da veciñanza escollidos democraticamente, ten que aguantalo aínda que non lle guste. A eles lle trasladan ese problema e como foi a situación, que efectivamente se modificou a sinalización horizontal a raíz dunha petición da veciñanza a membro do goberno. De acordo en que a sinalización está mal feita. Se se traslada á veciñanza que se pode estacionar na zona e logo máis tarde se sanciona sen explicarlle que non se pode facer, entende que non é unha actuación correcta dun goberno cara a veciñanza.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que houbo dous meses de avisos. Mantén que alí houbo unha liña amarela a todo o largo do muro.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que iso é igual. Mantén que alí se modificou a liña horizontal. Era máis longa da que hai a día de hoxe. Consideración torticera, é o que nos traslada a veciñanza. Ha un informe da policía local, pero hai unha rúa alí próxima que ten unha situación peor e ten máis circulación que a rúa Alfredo Brañas, hai un fondo de saco sen saída que so da servizo tres ou catro vivendas que hai alí e ás parcelas da zona. Alí se estaciona dos dous lados. Non se pide que se sancione a ninguén por estacionar na rúa Coruña

Intervén o Sr. Alcalde, que lle pregunta se escoitou a todas as partes con todos os antecedentes do que acontece alí naquel lugar. Escoitou á policía local. Dirixiuse á policía local sobre esta situación

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que escoita á xente que se pon en contacto con eles e lles pide solucións. Escoita a toda a xente que quere falar con eles. Dirixiuse tamén a policía local a eles, de momento non. Di que quixeron aportar solucións, as que aportan eles están aquí. Haberá que reorganizar esa sinalización horizontal, efectivamente entenden que se a rúa Coruña se estaciona alí, na rúa Alfredo Brañas por dispor dun carril de estacionamento que lle sirva á veciñanza como se viña facendo ata o de agora sen problema de ningún tipo. Pódese buscar unha solución nese sentido, de feito están a propor unha co rogo.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que a solución que propón non é viable. Sentáranse con ambas partes, pero a solución viable a ten que aportar a policía local. A solución que propón xa lla contestou no informe da policía local, non é viable, non siga a insistir no mesmo.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que pregunta se na rúa Coruña a policía local vai a ditar un decreto que declare o sentido único de circulación.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que non están a tratar a rúa Coruña, están a tratar a rúa Alfredo Brañas. Na rúa Coruña a día de hoxe non hai ningunha liña que imposibilite estacionar alí. Na rúa Alfredo Brañas hai unha sinalización horizontal avalada pola policía local e temos un conflito veciñal. Dende o 1 de febreiro ata o 1 de maio non houbo ningún tipo de problema, conviviron perfectamente. Chegou o conflito veciñal e hai que aportar solucións, hai que escoitar a ambas partes, cando se poñan de acordo e co informe favorable da policía local, tomaranse as medidas oportunas. Estamos a falar de cuestións técnicas.



## CONCELLO DE ORDES

---

### (A CORUÑA)

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que non é so una cuestión técnica, é cuestión de vontade política.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que o sinte pero que a vontade política moitas veces leva ao político á cárcere.

- A vía de servizo existente no núcleo de Queirúa, presenta un deficiente estado de conservación, tal e como pode apreciarse nas fotografías que se achegan.

É polo que instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

Solicitar á Demarcación de Estradas do Estado en Galicia, a que proceda a acometer a pavimentación da citada vía de servizo co gallo de que presente un axeitado estado de conservación.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que foi solicitado o pasado 22/05/2022.

Por último ábrese unha quenda de formulación de preguntas polos distintos grupos políticos e concelleiros.

Intervén o Sr. Iglesias Vieites, concelleiro non adscrito.

- Nas redes sociais do Concello de Ordes publicouse unha nova sobre a creación dunha pista multideporte no CEIP Campomaioir que permitirá a práctica de varios deportes ao aire libre e para todas as idades.

Preguntamos ao Sr. Alcalde:

¿O proxecto de creación desta pista é semellante à pista multideporte situada no Campo da Feira?. ¿En que aspectos se diferencia?.

¿Que deportes se van a poder practicar en dita pista?.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que son os modelos tipo dos espazos educativos que os pode consultar na Orde 11/05/2022 (DOG nº 100). A actuación do concello é de peche fenólico, solo de céspede artificial, de acordo ao plan de arquitectura pedagóxica da Consellería de Educación. Os deportes a practicar son balonman, futbito, baloncesto, tenis, voleibol e badminton.

Intervén a Sra. Berdomás García, voceira do grupo político PsdeG-PSOE, que formula os rogos seguintes:

- En novembro de 2015, o Sr. Alcalde e a, naquel momento, Concelleira de Medio Rural Ángeles Vázquez presentaron que Poulo se convertía no primeiro proceso reorganizativo tras a entrada en vigor no mes de agosto 2015 da Lei de Mellora da Estrutura Territorial Agraria de Galicia (Metaga).



## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

([https://www.xunta.gal/hemeroteca/-/nova/047719/concentracion-parcelariapoulo-ayuntamiento-ordes-sera-primera-tramitarse-tras?langId=es\\_ES](https://www.xunta.gal/hemeroteca/-/nova/047719/concentracion-parcelariapoulo-ayuntamiento-ordes-sera-primera-tramitarse-tras?langId=es_ES))

Nestes días presentáronse as concentracións que se van a facer e non estaba a de Poulo .

Preguntamos ao señor Alcalde:

¿En que situación se encontra esta concentración parcelaria da parroquia de Poulo?.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que as que se presentaron este ano son as de 2022. Poulo xa foi aprobada no ano 2021. Decreto 29/04/2021. Na plataforma de contratación da Xunta de Galicia poderá ver que foi adxudicada o Lote nº 2. Seguen a manterse os compromisos, primeira zona decretada, con estudo ambiental e cos traballos contratados para levala a cabo coa nova METAGA.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que formula os rogos seguintes:

- Nas obras de pavimentación da estrada que une o núcleo da Portela coa N-550, pasando por Queirúa e o Conde, estase a levar a cabo estes días a apertura dunha gabia nunha zona que foi recentemente aglomerada, aparentemente para aloxar unha condución de pluviais soterrada.

É polo que preguntamos ao Sr. Alcalde o seguinte:

¿Por que motivo non foi soterrada a citada condución previamente á pavimentación da estrada, evitando deste xeito ter que romper e abrir unha zona recen pavimentada que despois quedará parcheada?.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que por indicacións da dirección de obra.

E non habendo máis asuntos que tratar segundo a orde do día da convocatoria, o Sr. Alcalde-Presidente levanta a sesión, sendo ás vinte horas e catorce minutos do día ao principio sinalado, e para constancia do que se tratou e dos acordos adoptados, estendo a presente acta, que como Secretario certifico.

O ALCALDE-PRESIDENTE  
José Luis Martínez Sanjurjo  
(asinado dixitalmente)

O SECRETARIO  
Juan Luis González Iglesias